



COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN

O BNG reclama do alcalde solucións ás deficiencias na depuración de augas residuais en Parada de Ribeira

O BNG de Xinzo considera increíble e irresponsábel que se invistan os recursos dos cidadáns en construír infraestruturas ás que logo non se lle tira partido e quedan abandonadas ata que as queixas dos veciños ou un momento de lucidez dalgún responsable municipal as rescatan do esquecemento.

Este é o caso da depuradora de Parada de Ribeira que denunciaba hai uns días a asociación de veciños 'Muíño da Lama'. Despois de dous anos da súa instalación aínda non está operativa a día de hoxe, dándose ademais a circunstancia agravante de que a fosa séptica existente fai moitos meses que rebasou a súa capacidade, verquendo residuos que provocan o asolagamento e contaminación dos camiños e regatos circundantes co risco que isto conleva para a saúde dos veciños. Estes feitos foron postos en coñecemento dos responsábeis do Concello no verán do 2007 sen que tomaran ningunha medida encamiñada a corrixir esta grave situación medioambiental.

Dende o BNG reclamamos do Alcalde e do Concelleiro de Medio Ambiente que non falen de 'oídas', deixen de 'pasarse a pelota' entre eles e adopten solucións inmediatas para este problema. Animamos ao señor Vila a que patee o concello a pé de rúa e faga unha avaliación da calidade dos servizos básicos aos que, se supón, teñen dereito as veciñas e veciños a estas alturas do século XXI.

Amador Díaz Penín
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 09-04-2008

Máis información en: www.bng-xinzo.org

Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia
Multicentro, 1ª Planta – 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) * Tif/Fax: 988 461 360

info@bng-xinzo.org | www.bng-xinzo.org